

SHIRLEY

VISIONS DE REALIDADE

[Gustav Deutsch, 2013]

24

ESTREA EN NUMAX 10.06.2015 | V.O.S.E.

FICHA TÉCNICA

Shirley. Visions of Reality, 2013, 93'

Dirección, guión e montaxe: Gustav Deutsch

Reparto: Stephanie Cumming, Christoph Bach, Florentin Groll, Elfriede Irral, Tom Hanslmaier, Yarina Gurtner Vargas

Dirección de arte: Hanna Schimek, Gustav Deutsch, Veronika Merlin, Art for Art Theater Service, Rudi Hopsig

Vestuario: Julia Cepp

Son: Christoph Amann

Música: Christian Fennesz, David Sylvian

Fotografía: Jerzy Palacz

Produtoras: KGP Kranzelbinder Gabriele Production (Austria)

Distribuidora: Karma Films

Estrea en España: 08.08.2014

Formato de proxección: DCP 2K, 1,85:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

serie *Film Ist*, 1996-2009

«Un traballo para ver unha e outra vez, *Shirley* lembrarase cos anos como un dos máis xeniais experimentos de sinerxia entre as artes»

José Sarmiento Hinojosa, Desistfilm

SINOPSE

Trece pinturas de Edward Hopper collen vida para contarnos a historia dunha muller que vive unha realidade que non acepta. Shirley é unha muller atractiva, carismática, comprometida e emancipada á que lle tería gustado mudar o curso da historia co seu compromiso profesional e sociopolítico. Unha muller que non acepta a realidade que lle tocou vivir —América anos 30 anos 60— e que se agarrará firmemente ás súas convicións.



Nota de intención do director

Como punto de partida para este filme, que garda no seu cerne a posta en escena da realidade e o diálogo entre o cinema e a pintura, escollín a obra pictórica de Edward Hopper, que dunha banda recibiu a influencia do cinema negro —na súa escolla da luz, os temas, o encadre que vemos en lenzos coma *Night Windows* (1938), *Office at Night* (1940), *Room in New York* (1932) e mesmo con referencia directa ao cinema, tal que en *New York Movie* (1939) e *Intermission* (1963)— e da outra influenciou cineastas como Alfred Hitchcock, Jim Jarmusch, Martin Scorsese e Wim Wenders.

Por volta da miña profunda convición de que a Historia constrúena as historias persoais, e marcado pola lectura da triloxía dos Estados Unidos de John Dos Passos¹, na que os traxectos e destinos duns poucos representan unha máis ampla historia pública, social e cultural de América, seleccionei unha actriz protagonista —Shirley—, que a través dos seus monólogos contemplativos e reflexivos nos fai experimentar a América do inicio dos 1930 á metade dos 60.

Velaquí tres décadas de moita axitación política, social e cultural, que mudaron para sempre o país e a súa xente: Pearl Harbour e a Segunda Guerra Mundial, a bomba atómica e a «conquista do espazo», McCarthy e a Guerra Fría, o asasinato de John F. Kennedy e o estourido da Guerra do Vietnam, Duke Ellington e o swing de *big band*, Billie Holiday e o blues meridional, Elvis Presley e o rock and roll, Bob Dylan, Joan Baez e a canción protesta, o Group Theatre, o Living Theatre, o Actor's Studio e as *stars* que formaban parte: Anne Bancroft, Marlon Brando, James Dean, Marilyn Monroe, o *crash* dos mercados, a Depresión, as revoltas raciais e o Ku-Klux-Klan, a Marcha sobre Washington e Martin Luther King. Estes acontecementos, nomes e lendas, que fican inscritos na nosa memoria colectiva, evocan imaxes e estados de ánimo.

Shirley é unha actriz de esquerdas, comprometida e emancipada. Disfruta co

jazz, coa radio, na rúa e adora o cinema. Unha muller cun pensamento forte sobre as cousas e cos pés no chan, mesmo cando o mundo persoal e profesional parece esboroar. É atractiva, carismática e gústalle traballar os papeis que se afastan do convencional. Interésalle a arte, a política, e combínaas no Group Theatre e no Living Theatre, dos que fai parte.

Malia a que Shirley e o seu compañeiro Stephen, fotoxornalista para o New York Post, só comparten apartamento en dúas ocasións durante estas tres décadas, as súas vidas privadas e profesionais están profundamente ligadas: o desemprego na Gran Depresión, a decepción pola traición perante o tribunal McCarthy dos membros do Group Theatre, a represión sobre o teatro conscientemente político, a retirada da escena pola enfermidade dun compañeiro, a perda do compañeiro, o retiro ao rural e as incertezas sobre o sentido práctico da arte, a emigración a Europa -destinos persoais enleados coas revolucións culturais, os levantamentos políticos e os acontecementos que mudaron o mundo. A Historia constrúena as historias persoais.

Gustav Deutsch, xaneiro de 2013

¹ *The 42nd Parallel* (1930), *Nineteen Nineteen* (1932), e *The Big Money* (1936)

Tirado do material promocional dispoñíbel en <http://www.shirley-visions-of-reality.com/>
Tradución do inglés orixinal de Ramiro Ledo Cordeiro

MATERIAIS

NA NOSA LIBRARÍA

Psicosis. Alfred Hitchcock [DVD]

Pack Jim Jarmusch [DVD]

Escritos. Edward Hopper. Elba

Hopper. Mark Strand. Lumen

Shirley. Gustav Deutsch [DVD]

Manhattan Transfer. John Dos Passos

De Bolsillo

1919. John Dos Passos. De Bolsillo

Paralelo 42. John Dos Passos. De Bolsillo

El gran dinero. John Dos Passos. De Bolsillo

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org